



**CENTRO DE  
ESTUDOS GALEGOS**



**UNIVERSITÄT  
HEIDELBERG**  
ZUKUNFT  
SEIT 1386

A Universidade de Heidelberg é unha institución recoñecida en todo mundo que destaca pola súa clara orientación investigadora e carácter internacional. O centro conta con arredor de 30.000 estudantes e 8.400 traballadores, entre os que se inclúen numerosos investigadores de renome.

No Centro de Estudos Galegos (CEG) queda vacante a partir do **01/10/2023** un posto de

**Docente e investigador/a asociado/a, media xornada**

cunha carga horaria de **19,75 horas** semanais e un contrato de **dous anos** de duración.

O Centro de Estudos Galegos (CEG) da Universidade de Heidelberg é unha institución investigadora que ten como obxectivos a docencia, investigación e promoción da lingua, cultura e literatura galegas. O centro fundouse no ano 1995 co apoio da Xunta de Galicia e, dende 2019, forma parte do Centro Heidelberg de Estudios Iberoamericanos (HCIAS).

**Funcións:**

- Docencia de lingua, literatura e cultura galegas cun enfoque contrastivo respecto a outras linguas romances, se fose necesario.
- Asistencia en proxectos de investigación relacionados coa lingua, cultura e literatura galegas.
- Organización de eventos académicos para a promoción da lingua, cultura e literatura galegas.
- Apoio en tarefas organizativas e administrativas.

**Requisitos do/a candidato/a:**

- Mestrado en Filoloxía Galega, calquera outra Filoloxía dunha lingua romance, Estudos Iberoamericanos, Tradución e Interpretación, Lingüística Teórica ou Aplicada, Estudos Culturais ou Literarios e eidos relacionados, sempre que a especialización fose no galego.
- Galego como primeira lingua ou lingua materna, ou competencia lingüística equivalente.

**Valoraranse:**

- Coñecementos de alemán e/ou inglés.
- Experiencia e interese na investigación, especialmente nos ámbitos da lingüística e dos estudos de tradución.
- Experiencia docente, de ser posible no ámbito universitario.

**Nós ofrecemos:**

- A posibilidade de participar en proxectos de investigación internacionais.
- Posibilidades de formación continua para o persoal da universidade.
- Un ambiente de traballo agradable e internacional.

Para máis información sobre o Centro de Estudos Galegos (CEG) visite a nosa páxina web <https://www.uni-heidelberg.de/ceg/index.gl.html>.

O salario calcularase en función das cualificacións dentro da **categoría salarial alemá TV-L 13**.

As candidaturas deberán incluír os seguintes documentos en formato PDF: (1) CV, (2) títulos e diplomas universitarios, (3) carta de motivación e (4) un proxecto docente para un curso de exemplo dun máximo de 3 páxinas, que se deberán enviar ao seguinte enderezo electrónico: [ceg@uni-heidelberg.de](mailto:ceg@uni-heidelberg.de) antes do **27/07/2023**. Para calquera dúbida sobre o posto ou o proceso de solicitude, póñase en contacto con Vanesa Rodríguez Tembrás mediante o enderezo de correo electrónico anterior.

As entrevistas de selección comezarán pouco despois da finalización do período de envío de candidaturas.

A Universidade de Heidelberg defende os valores da igualdade de oportunidades e a diversidade. As persoas con discapacidade recibirán prioridade de estaren igualmente cualificadas. Pode atopar máis información sobre outras ofertas de emprego e a nosa política de protección de datos en [www.uni-heidelberg.de/stellenmarkt](https://www.uni-heidelberg.de/stellenmarkt).